

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2021.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trece de outubro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE ALCALDÍA**

**1. ASESORÍA XURÍDICA.-** Acórdase a interposición de recurso contencioso-administrativo contra a resolución ditada polo tacgal no recurso especial en materia de contratación número 160/2021, interposto contra a súa exclusión da contratación dun servizo de recollida de residuos sólidos urbanos do Concello de Lugo.

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**2. URBANISMO.-** Acórdase a aprobación da disolución da Xunta de Compensación do Polígono 1, Sector II, do Sunp "In-G" do PXOU de 1990 Uuzpi-2.I do Pxom vixente).

**3. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguinte licenzas urbanísticas: para realizar obras de conservación, mantemento e apertura de ocos na fachada, da edificación tradicional existente, no lugar de Caínzo, núcleo rural tradicional de Lamas-Cañizo-Portela, parroquia de Lamas (Santalla). (Expte: 2021/Y001/000270); de parcelación da parcela nº 44 do polígono nº 536, de 2.655,6 m<sup>2</sup> de superficie, en solo clasificado no plan xeral de ordenación municipal de aplicación, como núcleo rural de Nadela-Seoane-Airexe-Pena. (expte: 2020/Y001/000307) e para rehabilitación dun edificio composto de planta baixa, 3 plantas altas e baixo cuberta para unha vivenda unifamiliar, na ronda da Muralla, número 98, unidade edificatoria 410119. (Expte: 2021/Y001/000150).

### **ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

**4. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase aprobar a 2ª prorroga na

## ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: ispac7655735025875028279.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-10-2021

contratación do servizo de vixilancia no fogar do transeúnte (lote 1) e servizo de vixilancia no Cei-Nodus-Espazo>Lab (lote 2). (expte. ref. 7-2018) (tecol 2020/C003/000050).

Acórdase a imposición definitiva de penalidades por incumprimento do prazo total de execución da obra na contratación da obra de acondicionamento, ampliación e cubrición da area de xogos infantís na praza de Augas Férreas do Concello de Lugo. Exp. ref. 2020-C002-00020

Acórdase a adxudicación do lote no procedemento de licitación para o alleamento de vehículos municipais declarados efectos non utilizables (lote 1) así como a venda de vehículos retirados da vía pública, sitos no depósito municipal (lote 2). expte. ref. 2021-C005-000027.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación -mediante seis lotes- dun servizo de conservación, mantemento e reparación dos vehículos e maquinaria do parque móbil municipal de Lugo e a apertura do procedemento de contratación. Exp. ref. 2021-C003-000034.

Así mesmo, acórdase a contratación da realización de actividades extraescolares nos centros públicos de infantil e primaria do Concello de Lugo. Expte ref. 2021-C003-000032.

Acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación de la obra "Peatonalización de la calle Calzada da Ponte" incluído no programa operativo Feder orde hap/2427/2015, do 13 de novembro, con financiamento do 80% e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2021-C002-000049.

Acórdase a 1ª prórroga na contratación da subministración de material de oficina non inventariable (exp. ref. 2019-067) 2020/C004/000003.

Tamén se acorda a primeira prórroga do contrato relativo á contratación do servizo de execución de reparacións e traballos de apoio na reparación de avarías na rede de abastecemento de auga do Concello de Lugo. Expdte ref: 2020/C003/000007 que vai dende o 09-11-2021 ata o 08-11-2022.

**5. FACENDA LOCAL.-** Acórdase desestimar a solicitude na que insta a devolución do importe ingresado en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ó denegarse a licenza solicitada para a ampliación de vivenda unifamiliar en lugar Farxocos (Santa María de Bóveda), 2.

### ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

**6. DESENVOLVEMENTO LOCAL.-** Acórdase a aprobación da solicitude de participación na convocatoria para a presentación dun proxecto piloto do plan de acción local, enmarcado na agenda urbana española, denominado: Lugo cidade verde: Plan de acción de la agenda urbana española.

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**